

VIII EDICIÓN PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY

1.- O Concello de Fornelos de Montes e a Asociación de Veciños O Cruceiro da Laxe, para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega, convocan a **VIII edición do PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY**.

2.- Poderán concorrer a este certame as poetas e os poetas que o desexen, cos seus poemas escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente.

3.- Os poemarios aspirantes ao premio serán de tema e forma libres, cunha extensión mínima de 500 versos e máxima de 800. Deberán ser orixinais e estar inéditos na súa totalidade, condición que se estende ao soporte dixital.

4.- As persoas participantes deberán enviar seis exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao seguinte enderezo:

VIII PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY – Concello de Fornelos de Montes

Praza da Igrexa, 1

36847 – Fornelos de Montes (Pontevedra)

5.- Nas obras concursantes deberán aparecer escrito con claridade o título e un lema, que tamén figurarán no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI do autor ou autora, o seu teléfono e enderezo, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada.

6.- O prazo de presentación das obras remata o día 30 de setembro de 2019.

7.- A dotación do premio, único e indivisible, que será de 2.500 euros, estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. Se o xurado o considera oportuno, o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accésits ao premio que en ningún caso comportarán dotación económica, pero que serán recomendados á editora para a súa posible publicación.

8.- O xurado será designado polo Concello de Fornelos de Montes e a Asociación de Veciños O Cruceiro da Laxe e estará formado por cinco especialistas vinculados á poesía e/ou á crítica literaria. A composición do xurado farase pública cando remate o prazo de admisión de orixinais.

9.-O veredicto será dado a coñecer a finais de novembro de 2019 directamente ao gañador ou gañadora e através dos medios de comunicación. A entrega do premio terá lugar, salvo causas de forza maior, nun acto público no Centro Multiusos do Concello de Fornelos de Montes en abril de 2020. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas autoras ou autores nas dependencias do Concello de Fornelos de Montes no prazo dun mes a contar a partir da data do veredicto do xurado.

10.-O Premio inclúe, ademais, a publicación da obra gañadora en Edicións Xerais de Galicia. O Concello de Fornelos de Montes resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada en todas as linguas do Estado. Nese sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría. De existir posteriores edicións deberase facer constar que a obra recibiu VIII PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY.

11.-A participación nesta convocatoria implica a aceptación das bases e a interpretación que delas faga o xurado, non admitíndose recurso contra a decisión que este nas súas funcións adopte.

FORNELOS DE MONTES a 16 xullo de 2019

O alcalde

Emiliano Lage Rodríguez